



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Expediente 2021/S005/000001.

Asunto- Plan de igualdade 2020/2024.

MARTA CAJIDE BARBEITO, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE FISTERRA, CERTIFICA:

Que o Pleno do Concello en sesión ordinaria, celebrada o 4 de febreiro de 2021, adoptou por UNANIMIDADE dos Concelleiros/as e por tanto por MAIORÍA ABSOLUTA un ACORDO do seguinte teor literal:

QUINTO.- PROPOSTA DA APROBACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE FISTERRA 2020-2024.

Visto o documento elaborado por Nos Igualdade o cal asunto é o PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

Este documento está integrado polos seguintes apartados:

- 1.- Presentación.
- 2.- Introducción.
- 3.- Marco Normativo.
- 4.- Características do Concello de Fisterra, Análise Dafo.
- 5.- Principios orientadores.
- 6.- Características e fases de elaboración de I PIOM.
- 7.- Liñas estratéxicas e contido do I PIOM.
- 8.- Seguimento e avaliación.

Na presentación deste Plan, por parte desta Alcaldía-Presidencia indícase que se trata do primeiro Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Fisterra 2020-2024, un plan estratéxico que serve de motor para unha transformación que permita seguir mudando cara unha sociedade máis igualitaria.

Atendendo aos antecedentes de feito que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar o documento Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Fisterra 2020-2024, elaborado por Nos Igualdade.

TERCEIRO.- Publicar este documento na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Fisterra.

E para que conste e a reserva dos termos que resulten de aprobación da Acta correspondente exténdese a presente, coa salvedade que en tal sentido determina o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986, de orde e co visto e bo do Sr. Alcalde do Concello de Fisterra D. José Marcote Suárez.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C